

Definición

Descartes na aula. Práctica 1

Andrés Piñón Fernández

1. Obxectivos da experimentación.

Dos moitos motivos polos que estou interesado en participar nesta experiencia, o máis importante é que creo que pode supoñer o empurrón definitivo cara un cambio metodolóxico que se revela máis necesario que nunca.

Ano tras ano vemos como unha boa parte do alumnado amosa un total desinterese pola materia, e en xeral polos estudos, e como ese desinterese provoca situacións moi tensas nas clases. Neste escenario este alumnado abúrrese e tenta pasar o tempo distraéndose como pode, as máis das veces interrompendo as clases ou molestando os demais. A isto sumáselle a falta de disciplina e as veces de respecto cara os demais, o que provoca conflictividade ou cando menos perturbacións da marcha normal da clase.

Por iso sería interesante enganchar dalgunha maneira a boa parte deste alumnado, facéndolle máis atractivo o aprendizaxe da materia, aumentando a súa motivación e propiciando unha actitude máis positiva cara ao estudo. A utilización dun material interactivo e novidoso xunto cun bo deseño de actividades e un seguimento axeitado do profesorado pode favorecer a autonomía do alumnado e o aprendizaxe colaborativo.

A utilización das escenas de Descartes xunto con fichas de traballo preparadas convenientemente e unha dinámica de clase diferente suporán un cambio no modelo didáctico empregado e na práctica docente habitual.

Neste modelo, baseado na experimentación cos materiais e actividades propostas, o alumnado sería o suxeito principal do proceso de aprendizaxe e procuraríase un aprendizaxe significativo mediante a dedución, a elaboración e a expresión do propio coñecemento e a súa comunicación.

Ademais tamén se facilita a atención aos diferentes modos e ritmos de aprendizaxe do alumnado propoñendo diferentes itinerarios segundo as capacidades de cada quen.

2. Contidos matemáticos

A experiencia vaise realizar cun grupo de 3º e ESO polo que os temas que se van a tratar veñen determinados pola programación do curso.

Unidades 1 e 2: *Números e a súa utilidade I e II*. Na que a utilización do Descartes pode axudar á mellor comprensión de conceptos como o de fracción, operacións con fraccións, representacións de números na recta real, etc.

Unidade 3, Progresións, mediante as escenas de Descartes poderase presentar dun xeito interactivo, atractivo e dinámico os conceptos relacionados co tema.

3. Alumnado

O grupo elixido é 3º C de ESO. Formado por 19 alumnos e alumnas e un grupo moi heteroxéneo, polo que a metodoloxía pode axudar a atender aos diferentes niveis da clase.

Por outra banda, son o titor deste curso polo que terei unha relación especial con eles. Se fose necesario podería empregar algunha das horas de titoría para realizar un

seguimento da experiencia recollendo a opinión do alumnado, as súas impresións e as cousas que se poderían mellorar ou cambiar.

4. Temporalización

A experimentación levarase a cabo durante os meses de outubro e novembro.

Na última semana de setembro farase unha proba inicial para coñecer a situación ed partida do alumnado e repasaranse os números enteiros, operacións, propiedades e xerarquía das operacións.

Na primeira semana de outubro comezarase a traballar na aula de informática coa metodoloxía que se vai experimentar.

Traballaremos deste xeito ata finalizar novembro onde remataremos coa unidade de progresións.

Nestes dous meses irase alternando as explicacións no encerado e o traballo no caderno, procurando que sexan as menos posibles, con traballo individual ou en grupos con actividades baseadas en escenas ou unidades didácticas feitas con Descartes.